

tificación ou ben, intentada a mesma, non se puidese practicar.

Contra o acordo de aprobación definitiva do citado estudio de detalle poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, nos termos establecidos na Lei de 13 de xullo de 1998.

A Illa de Arousa, 28 de novembro de 2005.—O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez. 2005011292

## ANUNCIO

O Concello Pleno, na súa sesión do 24 de novembro de 2005, aprobou inicialmente a Ordenanza que de seguido se relaciona. O expediente estará exposto ó público, ós efectos de que os interesados poidan examinalo e presentar, no seu caso, a reclamacións que estimen oportuno, dentro do prazo de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ó desta publicación.

—Ordenanza Municipal de Vertidos.

A Illa de Arousa, 25 de novembro de 2005.—O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez. 2005011293

### *Anuncio aprobación definitiva*

O Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 24 de novembro de 2005, aprobou definitivamente o estudio de detalle da área de reparto nº 20 do PXOM (Punta Furado), promovida por Residencial Illa de Arousa, S.L.

Segundo o PXOU de A Illa de Arousa, este solo califícase de edificación intensiva situación 1.5 regulado no apartado 3.2.1.10 do texto de normativa urbanística e na folla nº 4 da planimetría.

1.5. Clasificación e calificación do chan.

1.5.1. Clasificación.

O presente PXO da Illa de Arousa, en función do disposto na L.S.G. e en base ás características do Termo Municipal, postas de manifesto na Memoria xustificativa, prevé a existencia das seguintes clases de solo:

1. Solo urbano. Este, á súa vez, e en razón das condicións nas que se atopa verbo do proceso de urbanización e/ou das previsións de dotacións públicas califícase en:

1.1. Solo urbano consolidado.

1.2. Solo urbano non consolidado.

2. Solo urbanizable.

3. Solo rústico.

1.5.2. Calificación.

1. Solo urbano.

Dentro desta clase de solo, e independentemente da condición xurídica que afecta á consolidación urbanística, prevense as seguintes categorías en función da ordenanza específica aplicable; a saber:

—Ordenanza nº 1: De edificación intensiva.

Dentro desta ordenanza contemplanse as seguintes situacións:

Situación 1.1. Edificación que da fronte a rúas principais.

Situación 1.2. Casco máis antergo.

Situación 1.3. Edificación de usos industriais.

Situación 1.4. Edificación catalogada.

Situación 1.5. Áreas para as que se asinaron convenios urbanísticos e/ou se corrixen determinacións do planeamento anterior para a obtención de dotacións importantes.

Situación 1.6. Áreas de edificación consolidada afectadas pola servidume de protección do dominio marítimo.

—Ordenanza nº 2. De edificación semiintensiva.

Dentro desta ordenanza prevense as seguintes situacións:

Situación 2.1. Pequenas urbanizacións anteriores á aprobación do planeamento xeral municipal.

Situación 2.2. Resto da zona de Ordenanza 2, deste carácter.

2. Solo urbanizable.

Dentro desta clase de solo prevese samente unha categoría.

—Solo urbanizable de carácter industrial.

O solo urbanizable será regulado a traveso do disposto nos plans Parciais que o desenvolvan.

Dacordo co reflectado na Memoria Informativa, agora mesmo non se da na Illa a existencia de ningún núcleo rural.

3. Solo rústico.

Dacordo co establecido na Sección 4ª do Capítulo II do Título II da L.S.G. (artigos 77, 78 e 79), no solo rústico poderanse distinguir tres situacións diferentes:

a) Solo rústico común apto para ser desenvolvido urbanisticamente.

b) Solo rústico suxeito a proteccións especiais.

O solo rústico de especial protección o será en función das seguintes razóns:

b.) Valores de potencialidade productiva:

b<sub>1,1</sub>) De carácter forestal.

b<sub>1,2</sub>) De carácter agrario.

b.) Valores ecolóxicos, medio ambientais e paisaxísticos:

b<sub>2,1</sub>) Zonas húmidas.

b<sub>2,2</sub>) Litoral marítimo.